



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ciencias Sociais na Educación Secundaria I

Materia	Ciencias Sociais na Educación Secundaria I			
Código	O02M066V05217			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Humanidades			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Domínguez Vila, Trinidad			
Profesorado	Domínguez Vila, Trinidad			
Correo-e	trinidad@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Ciencias Sociais na Educación Secundaria I ten por obxecto introducir ao alumnado no proceso de construción científica e metodolóxica das Ciencias Sociais e ao seu tratamento e evolución no sistema educativo español, con especial referencia á súa situación no actual currículo de Educación Secundaria e Bacharelato.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
B8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
C7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.

C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
C13	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das ensinanzas de Ciencias Sociais, de acordo co nivel e formación previa dos estudantes e a orientación dos mesmos, tanto de xeito individual como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	B3 C3 C4 C5 C7 C8 C9 D2
Buscar, obter, procesar e comunicar toda clase de información, transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino-aprendizaxe nas materias de Ciencias Sociais.	B4 C7 C13 D1 D3
Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas no ámbito das Ciencias Sociais, tanto de grupo como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.	B6 C3 C4 C9 C10 D2
Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por si mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.	B8 C3 C8 D3

Contidos

Tema	
1. As Ciencias Sociais	1.1. Áreas de coñecemento e construción académica. 1.2. As ciencias sociais na etapa da globalización 1.3. Ciencias sociais: compartimentalización e interdisciplinariedade.
2. As Ciencias Sociais: método científico e enfoques	2.1. A idea de Ciencia e a súa Historia. 2.2. Aproximación metodolóxica ás Ciencias Sociais. 2.3. Ciencia Política, Economía e Socioloxía: enfoques e evolución
3. A utilidade social e educativa das Ciencias Sociais: A formación en Humanidades	3.1. Usos sociais e educativos do coñecemento. 3.2. A formación da cidadanía no século XXI: o saber das ciencias sociais 3.3. A evolución das Ciencias Sociais no sistema educativo español.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	3	3	6
Traballo tutelado	6	36	42
Presentación	4	16	20
Seminario	4	1	5
Observación sistemática	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	<p>Explicación dos contidos da materia polo profesor.</p> <p>AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria</p> <p>AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non obrigatorio Asistencia: Non obrigatoria</p>
Traballo tutelado	<p>Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados co programa da materia. Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados á resolución de cuestións, elaboración de informes ou pequenas investigacións, etc.</p> <p>AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria</p> <p>AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non obrigatorio Asistencia: Non obrigatoria</p>
Presentación	<p>Exposición por parte do alumnado de cuestións relativas aos contidos da materia ou dos resultados dun traballo, proxecto, etc., ben sexa de forma individual ou en grupo.</p> <p>AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria</p> <p>AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non obrigatorio Asistencia: Non obrigatoria</p>
Seminario	<p>Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre a preparación de contidos, o desenvolvemento das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos tutelados.</p> <p>AVALIACIÓN CONTINUA Carácter: Obrigatorio Asistencia: Obrigatoria</p> <p>AVALIACIÓN GLOBAL Carácter: Non obrigatorio Asistencia: Non obrigatoria</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesor pode indicar a realización de traballos na aula ao alumnado, como análise de textos ou experiencias. O alumnado realizará traballos sobre algún tema relativo á materia. As titorías impartiranse tanto presencial como telematicamente. Neste último caso, deberase solicitar unha cita previa.
Seminario	Pódense realizar tutorías en grupo sobre a evolución no proceso de aprendizaxe da materia. As titorías impartiranse tanto presencial como telematicamente. Neste último caso, deberase solicitar unha cita previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Actividades realizadas ou orientadas na aula	40	B6	C10	D1
Presentación	Haberá exposicións por parte do alumnado en base aos traballos que realizan	40	B3		
Observación sistemática	Participación e implicación no desenvolvemento da materia	20	B8	C10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

ALUMNADO AVALIACIÓN CONTINUA

- Todos os estudantes que se presenten a calquera das probas enténdese que se acollen ao procedemento de avaliación continua recollido anteriormente.

- A avaliación anterior é válida para alumnos que realicen avaliación continua. O alumnado deberá aprobar cada unha das probas de avaliación enumeradas anteriormente para superar a materia con un mínimo dun 5.
- Se algún estudante non se presenta a algunha das probas asignaráselle a calificación de 0 nela.
- O calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI atópase publicado na páxina web <http://mpe.uvigo.es/gl/>.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN GLOBAL

- Considérase que o estudantado que non realice a presentación de exposición oral e non asista a clases presencialmente optará pola avaliación global.
- Para o caso de alumnado que non opte pola avaliación continua, o procedemento será un conxunto de probas que representará o 100% da calificación da materia. Para superar a materia é IMPRESCINDIBLE sacar unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10.

Proba 1: Resolución de problemas

Descrición: Proba obxectiva que incluíra avaliación de conceptos prácticos.

Metodoloxía aplicada: Resolución de problemas e/ou exercicios

% Cualificación: 60%

% Mínimo: Deberá obter un mínimo de 5 sobre 10.

Proba 2: Resolución de problemas e/ ou exercicios

Descrición: Proba obxectiva que incluíra avaliación de conceptos teóricos aplicados.

Metodoloxía aplicada: Resolución de problemas e/ou exercicios

% Cualificación: 40%

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E FIN DE CARREIRA

- Empregaranse os sistemas de avaliación continua e global expostos anteriormente.

PROCESO DE CUALIFICACIÓN EN ACTAS

- Independentemente do sistema de avaliación e a convocatoria, en caso de non superar algunha parate da avaliación, pero a puntuación global fora superior a 4 sobre 10, a calificación en actas será de 4.

DATAS AVALIACIÓN

- As datas das probas correspondentes ao sistema de avaliación continua publicaranse no calendario de actividades dispoñible na páxina web <http://mpe.uvigo.es/gl/>

- As datas oficiais de exame das diferentes convocatorias, aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI, atópanse publicadas na páxina web <http://mpe.uvigo.es/gl/>

EMPREGO DE DISPOSITIVOS MÓVILES

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles en exercicios e prácticas non habilitados para iso, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario.

CONSULTA E/OU SOLICITUDE DE TITORÍAS

As titorías consultaránse a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través de <http://mpe.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>

O profesor pode establecer un sistema integral para o traballo en aula, traballos tutelados e presentacións/exposicións, e en base a este sistema realizar a avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gobierno Vasco, **Ciencias Sociales, Geografía e historia. Orientacións didácticas**, Departamento de Educación, Universidades e Investi, 2010

Bibliografía Complementaria

Díaz et al., **Una guía para la elaboración de estudios de caso**, 75, Razón y Palabra, 2011

Fundación BBVA, **Las posibilidades de inserción laboral de los universitarios pueden llegar a triplicarse según la titulación elegida**, 40, Esenciales, 2019

Ibáñez et al., **Las Ciencias Sociales, Geografía e Historia, en la Educación Secundaria Obligatoria**, Educar en el 2000, 2006

Reyes, F., **La enorme importancia de las Ciencias Sociales y las Humanidades**, 21/05/2019, La izquierda Diario, 2019

Stott, L. e Ramil, X., **Metodología para el desarrollo de estudios de caso**, Centro de Innovación en Tecnología para el Desarro, 2014

Recomendaciones
